



Revista Galega de Administración Pública, EGAP
Núm. 64_xullo-decembro 2022 | pp. 191-213
Santiago de Compostela, 2022
<https://doi.org/10.36402/regap.v2i64.5013>
© Francisco de Cominges Cáceres
ISSN-e: 1132-8371 | ISSN: 1132-8371
Recibido: 29/11/2022 | Aceptado: 29/11/2022

Editado baixo licenza Creative Commons Attribution 4.0 International License

Xurisprudencia contencioso-administrativa

Jurisprudencia contencioso-administrativa

Contentious-administrative jurisprudence

64 Regap

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

FRANCISCO DE COMINGES CÁ CERES

Maxistrado (Galicia, España)

f.cominges@poderjudicial.es

SUMARIO: 1 Administración local. 1.1 Ordenanza lingüística municipal. 1.2 Cuestión de confianza vinculada a unha modificación orzamentaria. Non permite eludir a fase de información pública preceptiva para a aprobación dos orzamentos municipais. 1.3 Competencia do presidente de deputación provincial para adquirir participacións de Tragsa como medio propio para o servizo de conservación de zonas verdes. 1.4 Policía local. O plus de nocturnidade e festividade debe integrarse no complemento específico do posto, remunerándose mensualmente mesmo en períodos de vacación e permisos ou ausencias xustificadas. 1.5 Encargos verbais de obras ou servizos con omisión absoluta do procedemento de contratación. Só se poderían aboar polo procedemento de revisión de oficio de contrato nulo. Responsabilidade penal da autoridade municipal contratante. 2 Etranxeiría. 2.1 Inmigrantes en situación irregular. Non procede a súa expulsión, nin a súa sanción con multa, se non concorren circunstancias agravantes. Incidencia de informes policiais desfavorables, antecedentes penais e indocumentación. 3 Medio ambiente e urbanismo. 3.1 Costas. Constitucionalidade da Lei de cambio climático no que afecta á extensión das concesións de ocupación do dominio público marítimo-terrestre e as súas prórrogas. 3.2 Edificacións en situación de

fóra de ordenación por caducidade da potestade de disciplina urbanística. O mantemento ou o cambio de uso require do cumprimento da normativa sobre seguridade, salubridade e ornato. 4 Procedemento administrativo. 4.1 Notificacións realizadas en papel polo servizo de correos. Se o destinatario se atopa ausente, debe deixarse un aviso na súa caixa de correo, con constancia fidedigna diso. 4.2 Procedemento de “comunicación previa” para a habilitación de actividades. Non cabe ampliar o prazo para resolver. 4.3 Incumprimento da obriga de realizar por vía electrónica, en lugar de en papel, as notificacións ás persoas xurídicas. Irregularidade formal non invalidante. 5 Proceso contencioso-administrativo. 5.1 Litixios entre administracións públicas. Prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo. 5.2 Determinación da contía nos procesos dirixidos fronte a actos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social. 5.3 Rehabilitación de prazos no trámite de emenda de deficiencias da fase inicial de interposición dun recurso contencioso-administrativo. 6 Sanidade. 6.1 Vulneración do réxime de incompatibilidades do persoal sanitario facultativo. Falta moi grave. 6.2 Responsabilidade patrimonial sanitaria. 6.3 Instrución sobre continuación do tratamento crónico do farmacéutico de Atención Primaria en situacións especiais. 7 Tributos. 7.1 Ordenanza fiscal municipal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte e distribución de enerxía eléctrica. 7.2 Caducidade do expediente de comprobación de valores. Principio de boa administración. 7.3 Embargo de contas bancarias en réxime de cotitularidade. 7.4 Carácter non automático de recargas por pagamento atrasado da débeda tributaria antes do inicio da fase de constrinximento. 8 Universidades. 8.1 Avaliación virtual dos alumnos do curso académico 2019-2020 durante o estado de alarma da pandemia de coronavirus.

1 Administración local

1.1 Ordenanza lingüística municipal

A Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), na súa Sentenza do 7 de novembro de 2022 (rec. 7649/2021, relator: Villares Naveira), desestima o recurso interposto pola asociación Hablamos Español contra a ordenanza municipal de uso da lingua galega, aprobada polo Concello da Coruña en xuño de 2021 (BOP 22/06/2021). A sentenza, de máis de 60 páxinas, analiza de xeito profuso e detallado o réxime xurídico aplicable a este tipo de regulamentacións, concluíndo finalmente a total conformidade a dereito da impugnada no proceso, tanto desde unha perspectiva formal como substantiva, coas seguintes consideracións:

«(...) Empregar e promover o uso do galego por parte da administración coa cidadanía non nega a cada cidadán/á o seu dereito de escolla lingüística relational se así o desexa, simplemente establece un uso normal do galego por parte do Concello, o cal deriva directamente de mandatos de carácter estatutario e legal que apuntan a esta solución como política de normalización lingüística dunha lingua historicamente sometida a un proceso sociolingüístico de diglosia. (...) en ningún destes preceptos, como no texto da Ordenanza, se impide o uso do castelán polo Concello a instancias do cidadán (...). a Ordenanza ten por obxecto regular o uso do galego no Concello, e se ese é o seu cometido, é normal que, na súa técnica normativa, se poña o acento nos aspectos da vida municipal nos que se quere proxectar a súa presenza e a forma ou os medios cos que se quere concretar; primeiro porque é un mandato do propio EAG e o resto de normas legais

de desenvolvemento sectorial, e segundo, porque se a Ordenanza fose un simple corta e pega de normas de rango superior, sería superflua, dado que a súa achega ao ordenamento xurídico consiste precisamente en explicar e desenvolver en que consistirá a promoción e normalización do uso do galego no eido municipal, de xeito que o resto de aspectos relativos ao castelán logo dunha primeira cita de recoñecemento do seu status de oficialidade, poderán ser sobreentendidos pola vixencia do principio de xerarquía normativa (...). Debemos ter en conta especialmente unha clara e constante doutrina constitucional que indica que a omisión en normas desta natureza –é dicir, de regulación de uso e normalización de linguas oficiais do Estado diferentes do castelán– das referencias á outra lingua oficial non implica nin unha exclusión do seu estatuto constitucional nin un menosprezo ou unha pretensión de inseguridade á cidadanía (...)».

1.2 Cuestión de confianza vinculada a unha modificación orzamentaria. Non permite eludir a fase de información pública preceptiva para a aprobación dos orzamentos municipais

O alcalde do Concello de Ourense formulou no pleno municipal unha cuestión de confianza vinculada á aprobación dunha modificación orzamentaria (créditos extraordinarios e suplementos de crédito) de máis de 62 millóns de euros, pola canle procedemental establecida no artigo 197.bis) da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREX). Rexeitada a cuestión de confianza e transcorrido un mes sen que se presentase unha moción de censura con candidatura alternativa, o alcalde procedeu, mediante decreto, a aprobar definitivamente a modificación orzamentaria, amparándose no artigo 197.bis.5 LOREX.

Varios concelleiros impugnárono. O Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Ourense, na súa Sentenza do 13 de maio de 2022, estimou o recurso e anulouno. O TSXG, na posterior Sentenza do 4 de novembro de 2022 (rec. 7108/2022, relator: Paz Eiroa), rexeita a apelación do Concello.

A anulación motivouse, en esencia, no criterio establecido sobre este tipo de procedementos pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo (TS) na súa Sentenza do 13 de febreiro de 2015 (rec. 6446/2008). Segundo considerou o Xulgado de Ourense na sentenza obxecto de apelación:

«Con arreglo a dicha doctrina emanada del Tribunal Supremo, podemos llegar a la conclusión de que tras el transcurso del plazo sin presentación de moción de censura estaríamos ante una aprobación inicial de la modificación, tras lo cual restaría tan solo la exposición pública durante 15 días hábiles y el posterior examen de las reclamaciones presentadas por parte del pleno, admitiendo o rechazando las mismas.

Es cierto, como afirma la Administración, que ello podría derivar en una nueva situación de bloqueo, en cuanto que la modificación presupuestaria terminaría nuevamente en el pleno, que podría rechazar definitivamente la misma, por lo

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

que nos situaríamos nuevamente en la casilla de salida y sin que se atisbe una solución futura a la situación de estancamiento.

Ahora bien, no puede ignorarse tampoco que la exposición al público y las posibles alegaciones que los ciudadanos puedan hacer no tienen un contenido ilimitado sino tasado, y el mismo aparece recogido en el artículo 170.2 de la Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales (...). Entiendo que el hecho de que las reclamaciones aparezcan extraordinariamente limitadas impediría que, de haberse cumplido los requisitos necesarios para la modificación presupuestaria a que se refiere el citado artículo, en la posterior votación que se produzca en el pleno pueda acogerse alguna de ellas, aunque estando por el medio intereses políticos hipotéticamente podría darse tal situación, ya que podría admitirse cualquier reclamación por peregrina que fuese para que, en tanto en cuanto se tramite el correspondiente proceso judicial contra dicha decisión, se produzca una situación de paralización institucional.

Sin embargo, la sentencia del Tribunal Supremo da prioridad a la participación ciudadana en los asuntos públicos sobre esa posible situación futura, con lo cual debe asumirse ese riesgo.

Por ello, si bien la posición del Concello de Ourense es razonable y está debidamente razonada, lo cierto es que la doctrina del Tribunal Supremo, al menos a día de hoy y aunque manifestada en una sola sentencia, es la que es, y no consta que tras esta conocida sentencia se haya producido algún tipo de modificación legislativa bien encaminada a excluir la participación ciudadana en la aprobación o modificación presupuestaria en casos como el que nos ocupa, tal y como se advertía en la sentencia, o bien dirigida a precisar que la aprobación no es inicial, sino definitiva sin necesidad de ningún trámite adicional (...).»

1.3 Competencia do presidente de deputación provincial para adquirir participacións de Tragsa como medio propio para o servizo de conservación de zonas verdes

A Sentenza do TSXG do 21 de outubro de 2022 (rec. 7102/2022, relator: Fernández López) desestima o recurso interposto fronte á decisión do presidente da Deputación Provincial de Lugo de adquirir unha participación da sociedade mercantil Empresa de Transformación Agraria, SA (Tragsa), como medio propio para atender o servizo de mantemento e conservación das zonas verdes, con esta motivación:

«La resolución del presidente de la Diputación Provincial de Lugo de 13.12.19 que se impugnó (...) se limitó a aprobar la adquisición de una participación de una sociedad mercantil, en este caso pública. (...) En este caso, una de las competencias o potestades con que cuentan las entidades locales, es la de autoorganización a

que se refiere el artículo 4.1.a) de la LRBRL, texto legal que, al referirse a la organización de las diputaciones, dispone en su artículo 33.2.a) que tal competencia le corresponderá a sus órganos plenarios, de conformidad con lo dispuesto en su artículo 33.2.a), al igual que también les corresponde a estos las demás competencias que les atribuyan las leyes, como sucede con la conferida en la disposición adicional segunda de la LCSP, para el caso de que se quieran adjudicar contratos administrativos por encima de un determinado umbral económico, o con la recogida en el artículo 85.2.A.d) de la LRBRL, para el caso de que se quisiera prestar un servicio a través de una empresa pública de capital exclusivamente local, como fue el caso de la que mantenía y conservaba las zonas verdes antes de decidir que pasaran a prestarse por “Tragsa”.

Debe repararse en que el citado artículo 85, al igual que los artículos 85.bis, 85.ter y 86 de la misma ley, no están alojados dentro de un capítulo o sección referidos a la organización local, sino relacionados con el modo de prestar un servicio de competencia local (artículo 85) o de una actividad económica (artículo 86), en este caso la gestión de los propios intereses provinciales a que se refieren sus artículos 1.2 y 2.1, gestión que aquí se manifestaba en el mantenimiento y conservación de los espacios verdes, para lo que se hacía preciso adquirir una acción de la sociedad mercantil pública, en los términos estipulados en el apartado 3 de la disposición adicional décimo cuarta de la LCSP, referido a “Tragsa”, como medio propio de los contemplados en su artículo 32.2, pero sin que ello comportara que se estuviera en presencia de una sociedad mercantil de capital exclusivamente provincial (artículo 85.ter de la LRBRL), como sucedió al comienzo, ni menos aún que esa decisión de participar en la empresa pública tuviera algo que ver con el ejercicio de una potestad de autoorganización.

Así es, ya que las cuestiones de tipo organizativo o estructural que conciernen a las diputaciones se recogen en el artículo 32 de la LRBRL, que enumera sus órganos obligatorios, así como los complementarios que se pueden crear, dentro de la potestad de autoorganización a que se refieren los artículos 4.1.a) de esa ley y 5.2 de la LRJSP, precepto éste que dispone que “corresponde a cada Administración Pública delimitar, en su respectivo ámbito competencial, las unidades administrativas que configuran los órganos administrativos propios de las especialidades derivadas de su organización”, a lo que añade su apartado 3 que la creación de cualquier órgano administrativo exigirá, al menos, que se determine su forma de integración en la Administración Pública de que se trate y su dependencia jerárquica, que se delimiten sus funciones y competencias y que se les dote de los créditos necesarios para su puesta en marcha y funcionamiento.

No era este el caso de la decisión de adquirir una participación societaria para utilizar, de forma legítima, a “Tragsa” como medio propio para prestar un servicio, gasto que en este caso tan sólo ascendió a 8.225,00 euros, que entraba dentro del límite de disposición que al presidente le reconoce el artículo 34.1.f) de

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

la LRBRL, en relación con el 185.2 del texto refundido de la Ley reguladora de las haciendas locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, de lo que resulta que se tenga que acoger la pretensión revocatoria de la sentencia apelada, lo que comporta que se desestime el recurso principal y que se confirme la adecuación a derecho de la resolución presidencial de 13.12.19, pero también del acuerdo de la Junta de Gobierno Provincial de 27.12.19 que trajo su causa de aquélla, que tampoco tenía contenido organizativo, ni se separó de lo permitido en la disposición adicional vigésimo cuarta de la LCSP».

1.4 Policía local. O plus de nocturnidade e festividade debe integrarse no complemento específico do posto, remunerándose mensualmente mesmo en períodos de vacación e permisos ou ausencias xustificadas

Os axentes da Policía Local do Concello de Vigo, que perciben pluses de nocturnidade e festividade polas xornadas concretas realizadas en franxa nocturna ou en día festivo, solicitaron recibir a parte proporcional dos ditos complementos retributivos en período vacacional, de desfrute de permisos, baixas laborais, etc. Fundaron a súa pretensión no precedente do persoal do Servizo de Extinción de Incendios do Concello de Ourense resolto polo Tribunal Supremo (Sala do Contencioso-Administrativo) na súa Sentenza do 1 de outubro de 2020 (rec. 7908/2018).

En fase de apelación, o TSXG admitiu as súas demandas, entre outras nas súas sentenzas do 18 de outubro e 14 de setembro de 2022 (recs. 187/2022 e 173/2022, relatores: Seoane Pesqueira e López González). Nelas a Sala recoñécelles aos policías recorrentes o dereito «Al percibo de los pluses de festividad y nocturnidad durante los períodos de vacaciones, situaciones de incapacidad temporal, días de libre disposición y demás permisos retribuidos». Cunha dobre motivación:

– «lo que el actor percibe por nocturnidad y festividad no remunera prestaciones fuera del turno ordinario, sino las realizadas dentro de la jornada ordinaria y con arreglo a los turnos asignados. (...) Los turnos y horas asignados al actor constituyen el trabajo ordinario y habitual del recurrente y no corresponden a ninguna actividad u organización extraordinaria o especial».

– Na relación de postos de traballo (RPT) do dito Concello, nos complementos específicos dos axentes de policía non se incluíu a penosidade derivada das quendas nocturnas e festivas. Ese concepto quíxose remunerar á parte, como gratificación ou produtividade. «El propio ente local demandado no solo no afirmaba tal inclusión, sino que, amparándose en la doctrina sentada por la sentencia del Tribunal Supremo de 22 de diciembre de 1995 (hoy ya superada) señalaba la imposibilidad de aquella inclusión».

1.5 Encargos verbais de obras ou servizos con omisión absoluta do procedemento de contratación. Só se poderían aboar polo procedemento de revisión de oficio de contrato nulo. Responsabilidade penal da autoridade municipal contratante

A Sentenza do TSXG do 19 de xullo de 2022 (rec. 7016/2022, relator: Villares Naveira) avanza na clarificación do réxime xurídico aplicable a estes supostos de alegaldade contractual, frecuentes en determinadas administracións locais. En pronunciamientos anteriores, citados no número 62 da Regap, o dito tribunal estableceu que non existe a obriga de compensar por “enriquecemento inxusto” o empresario que realiza o encargo con “mala fe”, beneficiándose conscientemente da omisión do procedemento contractual exixible. Nesta sentenza alcanza outra conclusión novidosa (certamente polémica): Non procede realizar o aboamento deste tipo de obras ou servizos directamente mediante o mecanismo do “recoñecemento extraxudicial de créditos” (REC) a que aluden o artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, e o artigo 23.1.e) do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril (TRRL). Antes debe tramitarse un procedemento de “revisión de oficio de contratos nulos”:

«(...) non discutida polas partes a inexistencia absoluta de procedemento de contratación (...) é evidente que concorre unha nulidade de pleno dereito prevista no art. 32 do TRLCSP (análoga á actual do art. 39 LCSP no que agora interesa) e no art. 47.1.e. LPACAP. Ante unha nulidade de pleno dereito, a propia administración tiña como mecanismo de reacción autónomo a revisión de oficio de actos nulos de pleno dereito. Neste sentido, se ben o TRLCSP refire só os actos de preparación e adjudicación, isto faise para establecer determinadas especialidades, sen que impida acudir con carácter xeral ao art. 106.1. LPACAP. É por isto que cando en sede administrativa son consultados os órganos de asesoramento técnico do Concello, Secretaría e Intervención, incidan nesta opción, que é á que se agarra o apelante.

Só unha vez que se declara a nulidade de pleno dereito de todo o actuado, por inexistencia absoluta de procedemento de contratación, é cando hai que reparar as consecuencias que afecten negativamente a terceiros de boa fe, e cuxo contexto normativo pode ser o REC. Pero iso debe corresponder a unha fase ulterior do camiño administrativo.

Esta actuación para emendar o mal feito en casos de ausencia de procedemento de contratación, como presuposto do aboamento das obras ou servizos é o que late na recente STS n. 722/2022, de 13 de xuño, en cuxo FX 3º dá conta da previa revisión de oficio ante ausencia absoluta de procedemento, a partir da cal se fixa unha indemnización polas obras efectivamente realizadas, excluíndose determinadas cantidades coma determinados tipos de xuro ao non se tratar dunha situación contractual. (...).

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

No caso de autos, o Concello obviou non só o procedemento administrativo de contratación de forma groseira, senón o relativo á declaración de nulidade (...) Non pode haber recoñecemento de crédito a favor dun particular se non hai causa que o xustifique. E a causa neste caso non pode ser outra que a inexistencia de contratación administrativa válida, e tal feito tiña que ser declarado pola propia administración pola vía da revisión de oficio de actos nulos de pleno dereito. Esta declaración era necesaria porque daba a medida de cal tiña que ser o ámbito precisamente do recoñecemento extraxudicial de crédito».

A sentenza engade outra consideración interesante. Conclúe que cando afloran estes supostos de omisión total e absoluta do procedemento de contratación, por contía relevante, deben comunicarse á fiscalía ou á xurisdición penal para que se exixan as correspondentes responsabilidades penais:

«O art. 262 LACrim indica que “Os que por razón dos seus cargos, profesións ou oficios tiveren noticia dalgún delito público, estarán obrigados a denuncialo inmediatamente ao Ministerio fiscal, ao Tribunal competente, ao Xuíz de instrución e, na súa falta, ao municipal ou ao funcionario de policía máis próximo ao sitio se se tratar dun delito flagrante”. No presente litixio, entende a Sala que a omisión absoluta de procedemento de contratación administrativa dadas as súas dimensións (máis dun millón e medio de euros e en relación a varias materias diferentes o que implica que se eludiu o procedemento de contratación de forma recalcitrante) e prolongación no tempo (as prácticas abranguen varios anos), unido á multiplicidade de advertencias feitas polos órganos de Intervención e Secretaría do Concello que constan no expediente sobre a ilegalidade das actuacións, revelan a existencia de feitos que poden ser indiciarios de actividade delitiva no eido da prevaricación administrativa (...)».

2 Estranxeiría

2.1 Inmigrantes en situación irregular. Non procede a súa expulsión, nin a súa sanción con multa, se non concorren circunstancias agravantes. Incidencia de informes policiais desfavorables, antecedentes penais e indocumentación

O TS, nas súas sentenzas do 5 e 20 de outubro de 2022 (recs. 270/2022 e 5793/2021, relatores: Herrero Pina e Olea Godoy) clarifica o réxime sancionador aplicable a día de hoxe en España aos residentes estranxeiros en situación irregular, tras as cuestións prexudiciais resoltas polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea nas súas sentenzas do 22 de abril de 2015 (C-38/14), 8 de outubro de 2020 (C-568/19) e 3 de marzo de 2022 (C-409/20).

Conclúe, en primeiro lugar, que aos ditos cidadáns non se lles pode expulsar, nin sancionar con multa pecuniaria, se á mera permanencia irregular non se lle engaden determinadas circunstancias agravantes, acreditadas e motivadas no expediente.

En segundo lugar, que «la mera cita genérica de la existencia de condena penal o de antecedentes policiales, cuyas circunstancias y resultado no se justifican por la Administración, no puede servir de fundamento o circunstancia agravante que permita cumplir con el presupuesto de proporcionalidad en la adopción de la decisión de expulsión».

E, en terceiro lugar, que «la falta de documentación como circunstancia agravante ha de ponerse en relación con las dificultades para la correcta identificación del interesado, que impidan conocer su identidad, origen y demás circunstancias personales, comprometiéndose la tramitación del procedimiento, lo que no puede predicarse de supuestos como el presente en el que el recurrente, aunque no aportara documentación en el momento de la detención, no carecía de la misma y de hecho en el propio acuerdo de incoación del procedimiento se refleja el número de su Cédula de Identidad, nombre, lugar y fecha de nacimiento y filiación, indicándose también un domicilio en Madrid. Y posteriormente se aportó el correspondiente pasaporte en la parte que a tales efectos resulta suficiente (...). En tal sentido y contrariamente a lo que se sostiene en la sentencia de apelación, como hemos razonado en la sentencia de 27 de abril de 2022 (rec. 2958/21), si bien la falta de una inicial presentación de documentación e identificación del interesado puede justificar la aplicación del procedimiento preferente, si con posterioridad se aporta y acredita la existencia de tal documentación desaparece como tal causa de agravación a efectos de la adopción de la decisión de expulsión».

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

3 Medio ambiente e urbanismo

3.1 Costas. Constitucionalidade da Lei de cambio climático no que afecta á extensión das concesións de ocupación do dominio público marítimo-terrestre e as súas prórrogas

O Tribunal Constitucional (TC) na súa Sentenza 90/2022, do 30 de xuño (BOE de 29/07/2022, relator: Martínez-Vares García), desestima o recurso de inconstitucionalidade interposto pola Xunta de Galicia fronte ao artigo 20 e a disposición derogatoria única da Lei 7/2021, do 20 maio, de cambio climático e transición enerxética.

No artigo 20.4 da desa lei dispúxose que «Los plazos de duración de los títulos de ocupación del dominio público marítimo-terrestre se computarán desde su otorgamiento e incluirán todas sus prórrogas, de ser estas posibles, sin superar los plazos máximos establecidos en la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas y en la Ley 33/2003, de 3 de noviembre, de Patrimonio de las Administraciones Públicas, siendo nulos de pleno derecho los actos administrativos que se dicten tras la entrada en vigor de esta ley en incumplimiento de lo previsto en este artículo».

A Xunta de Galicia esgrimiu no seu recurso que esa norma vulnera o principio constitucional de seguridade xurídica, ao contradicir ou ignorar disposicións legais

anteriores sobre a vixencia e prórrogas destas concesións demaniais, sementándoas de dúbidas interpretativas. A sentenza rexeita os seus argumentos, coa seguinte consideración final:

«(...) cabe concluir que su texto no resultaría contrario al principio de seguridad jurídica, entendido como claridad y certeza del Derecho, ya que su sentido es claro y su aplicabilidad puede determinarse acudiendo a los métodos de interpretación aceptados en Derecho. En efecto, las disposiciones impugnadas, ofrecen elementos suficientes para poder identificar, por una parte, la duración de los títulos de ocupación del dominio público marítimo-terrestre y sus prórrogas en vigor, por aplicación de la Ley de costas y, por otra parte, la forma de computar el plazo máximo de duración de la prórroga extraordinaria de la concesión, resultando nulas las prórrogas otorgadas con posterioridad a la entrada en vigor de la Ley 7/2021.

(...) se deduce que el plazo máximo de duración de las concesiones de ocupación del dominio público marítimo-terrestre, o de cualquier prórroga del mismo, sería a partir de la entrada en vigor de la Ley 7/2021 de setenta y cinco años (desde su concesión o desde su prórroga –según su diverso régimen originario–); conservando los titulares de concesiones (o prórrogas) anteriores a la entrada en vigor de la Ley 7/2021, sus derechos adquiridos conforme a la Ley de costas (incluido el término de prórroga extraordinaria de setenta y cinco años del art. 2 de la Ley 2/2013); no pudiéndose –sin embargo– otorgar ni prorrogar –desde la entrada en vigor de la Ley 7/2021– ninguna ocupación del dominio público marítimo-terrestre por más de esos setenta y cinco años de límite, y resultando nulas las concesiones o prórrogas de más de setenta y cinco años otorgadas tras la entrada en vigor de la Ley 7/2021. Por otra parte, el dies a quo del cómputo del plazo de duración de la concesión y su prórroga es una cuestión casuística, que les corresponderá enjuiciar a los tribunales ordinarios según la heterogeneidad de regímenes. (...).

En definitiva, los preceptos impugnados por quebrantar el principio de seguridad jurídica (art 9.3 CE), no han dado lugar a una oscuridad o insuficiencia hermenéutica, sino que –al contrario– pueden ser objeto de interpretación meridiana por los operadores jurídicos, administraciones y tribunales, no obstante la heterogeneidad de situaciones y títulos de concesión, partiendo, primero, de que la prórroga extraordinaria introducida en el art. 2 de la Ley 2/2013 tenderá a extinguirse en el tiempo (a fin de evitar la perpetuación en la ocupación del dominio público marítimo-terrestre), pero respetando los derechos constituidos antes de la entrada en vigor de la Ley 7/2021; segundo, de que el plazo máximo de ocupación del dominio público marítimo-terrestre se acota a setenta y cinco años, no extensibles (no caben ya las prórrogas sucesivas mencionadas en el art. 2.3 de la Ley 2/2013). Y tercero, que cualquier concesión posterior a la entrada en vigor de la Ley 7/2021 (el 22 de mayo de 2021) que no se ajuste a lo previsto en la misma es nula (incluidas las solicitadas y todavía no otorgadas) (...).»

3.2 Edificacións en situación de fóra de ordenación por caducidade da potestade de disciplina urbanística. O mantemento ou o cambio de uso require do cumprimento da normativa sobre seguridade, salubridade e ornato

Así o considerou o TSXG na súa Sentenza do 18 de outubro de 2022 (rec. 4217/2022, relator: Díaz Casales), sobre a solicitude de cambio de uso (de local comercial a vivenda) nun edificio en situación de fóra de ordenación por caducidade da potestade municipal para ordenar a reposición da legalidade urbanística infrinxida:

«(...) la recurrente prescinde de una obligación que a todos los propietarios impone la Ley del Suelo, que viene establecida en el Art. 135.1 de la misma en su apartado c) conforme a la cual los propietarios deben conservar las construcciones y edificios en condiciones legales de servir al soporte de los usos a los que estuvieren destinados, en todo caso en las de seguridad, salubridad, accesibilidad y ornato, disponiendo en su artículo siguiente que los Ayuntamientos, pueden de oficio o a instancia de cualquier interesado, dictar órdenes de ejecución que obliguen a los propietarios a realizar las actuaciones necesarias para dar el debido cumplimiento al mantenimiento de dichas condiciones, lo que otorga cobertura al requerimiento contenido en la resolución recurrida y ahora discutido, entendiéndose que la referencia al Decreto 29/2010 contenida en el requerimiento entraña una forma de objetivar el cumplimiento de tales requisitos, cabiendo la posibilidad de discutir, con ocasión de presentación del proyecto requerido, en qué medida el espacio generado ilícitamente en el bajo y la entreplanta del edificio resulta habitable.

(...) la caducidad de la acción de reposición otorga al titular del inmueble la facultad de resistir una orden de demolición, pero no determina que la administración haya de respetar su utilización en condiciones que puedan entrañar un riesgo para sus moradores y/o para terceros –recuérdese que como señala la sentencia de instancia no resultan indiferentes las condiciones de ventilación de las estancias, las salidas de humos, emisión e inmisión de ruidos, producción de humedades, servicios e instalaciones o las referentes al ornato público– cuando resulta evidente que las estancias vivideras exigen condiciones mucho más exigentes que las destinadas a trasteros o, como parece ser el caso, las dedicadas a almacenar bicicletas y que las condiciones de habitabilidad no pueden resultar indiferentes para la administración local, por las razones dichas en el anterior fundamento. Así lo advertimos en la St. de 1 de febrero de 2019 –que dictamos en el Recurso de apelación 4177/2017, en relación con la conversión de un trastero en vivienda– (...) podemos extraer la conclusión de que del mismo modo que la caducidad de la acción de reposición de la legalidad no excluye la solicitud de una licencia de primera ocupación (caso de la St. del T.S. de 3 de abril de 2000) y que con ocasión de ésta no cabe discutir los incumplimientos urbanísticos o la ilegalidad de la licencia otorgada (caso de la St. del TSJ de Madrid anteriormente transcrita) que el hecho de que la obra resulte, por el transcurso de 6 años desde su total terminación, incólume a las acciones

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

de reposición no supone que puedan destinarse a cualquier finalidad sino que ha de tratarse de una finalidad permitida por las ordenanzas, por ello también ha de ajustarse a los requisitos mínimos exigibles, esto es a reunir las condiciones mínimas de seguridad, salubridad, ornato y funcionalidad cuyo cumplimiento entendemos es la finalidad perseguida por el requerimiento del Ayuntamiento que la apelante discute. El referido requerimiento no impone solicitar una licencia de primera ocupación, como denuncia la recurrente, sino acreditar, mediante un proyecto, que el local reúne condiciones de habitabilidad».

4 Procedemento administrativo

4.1 Notificacións realizadas en papel polo servizo de correos. Se o destinatario se atopa ausente, debe deixarse un aviso na súa caixa de correo, con constancia fidedigna diso

A Sentenza do TS do 18 de outubro de 2022 (rec. 5517/2020, relator: Montero Fernández), referida a Galicia, estima a casación e ratifica a ineficacia da notificación, mediante publicación de edictos, dunha liquidación tributaria, tras concluír que: «es requisito imprescindible conforme a la reglamentación postal, no ya solo que se expresen los dos intentos de notificación fallidos, sino además que el Servicio de Correos, deje constancia en el casillero del destinatario del aviso de llegada, de todo lo cual debe quedar constancia en la documentación extendida por el personal del operador del Servicio Postal Universal».

Invoca o precedente recente da súa Sentenza do 27 de xullo de 2022 (rec. 5544/2021) e engade a seguinte fundamentación:

